

FESTA DA FILLOA DA PEDRA DA BAÑA

Vinte edición da Festa da Filloa da Pedra da Baña

O pavillón de San Vincenzo abre as súas portas o domingo ás 9.30
 ➤ A zoqueira Elena Ferro será a encargada de dar o pregón

B.C. [SANTIAGO]

A Festa da Filloa da Pedra chega este domingo á súa vinte edición, a primeira na que o Concello da Baña se fai coas rendas da organización e porá en funcionamento no pavillón de San Vincenzo un total de vinte pedras de propiedade municipal. A festa, con vocación dinámica e participativa, contará cun mercado de artesanía, obradoiros de oficios tradicionais, diversas actuacións musicais e espazo infantil, mentres que o pregón correrá a cargo da zoqueira Elena Ferro.

O Festa da Filloa da Pedra 2024 abrirá as súas portas ás 9.30 horas co mercado de artesanía. Máis de trinta expositores ofrecerán todo

tipo de produtos nunha carpa situada a carón do polideportivo. Tamén a esa hora comezará a funcionar as pedras para atender a demanda do público durante todo o día, nesta ocasión ao prezo dun euro cada filloa e cun límite de cinco unidades por persoa. O manxar bañense poderá acompañarse, ademais, de racións de chourizo e orellas.

A festa completa a degustación con actividades de diversa índole, programadas para entreter os asistentes de todas as idades. Así, tanto pola mañá como pola tarde, o público poderá gozar de demostracións en vivo de oficios tradicionais a cargo de artesáns que traballarán a forxa e o torno de ba-

llesta, ademais de tallar madeira ou facer sanscosmeiros.

Entre as actuacións musicais, destacan as propostas da Escola de Música Tradicional da Baña e de agrupacións da contorna. Gaiteiros e pandeireteiras comezará a encher a festa de sons tradicionais ás 11.30 horas e amenizarán tamén a tarde, a partir das 16.00 horas, xunto á agrupación coral CantoenCanto. Estarán apoiados na dinamización da festa por charangas ben coñecidas polos seus animados espectáculos de rúa como o dos Celtas, que conta con integrantes da Baña; dos Tabernícolas de Leiradal e da nicrariense

Mekanica Rolling Band.

Unha novidade con respecto a edicións anteriores será a actuación ao mediodía do grupo Río de Anxo polas rúas de San Vincenzo, levando a Festa da Filloa máis alá da contorna do pavillón. Chegará despois o pregón da man de Elena Ferro, artesá pertencente á terceira xeración dunha familia de zoqueiros amplamente recoñecida por ser quen de poñer de moda con novos deseños un calzado tradicional que estaba practicamente en desuso.

O público miúdo terá tamén un espazo infantil de seu na Festa da Filloa da Pedra. Toda a familia es-

tá convidada pola tarde ao espectáculo do home orquestra Cé Orquestra Pantasma e poderá gozar tamén con xogos populares.

Tres áreas de estacionamento

Todas aquelas persoas que queiran pasar o día na festa ou aproveitar para xantar, terán á súa disposición unha polbeira e, para facilitar o acceso, habilitaranse tres áreas de estacionamento. Unha, detrás da escola de música Emilio Andújar; outra, fronte á nave municipal; e unha terceira, ao lado do río.



O Concello porá en funcionamento 20 pedras no pavillón de San Vincenzo // Cedida

SALVADOR
CASA DO BACALLAU DENDE 1920

Restaurante de coziña tradicional especializado en bacallau, riles con xerez e carnes galegas

Barcala, 23 • A Baña
T. 981 88 53 12

CENTRO ÓPTICO DEUS
VISIÓN E AUDIÇÃO

Rúa Arcal 53 - 15673 Bembibre, Val do Dubra (A Coruña)
981 889 717 ES dubra@centroopticodeus.com ES-15-000286 / ES-15-001342

Rúa de Vista Alegre 112 - 15075 Santiago de Compostela (A Coruña)
981 567 088 ES santiago@centroopticodeus.com E-15-001405

ROSFAVI
ESTACIÓN DE SERVICIO

981 886 693
679 834 616

A Baña (A Coruña) e Santiago de Compostela (A Coruña)

• Servizo a domicilio gasolina, A, B, C • Taller • Lavado y aspirado • Tires

Especialistas en instalaciones fotovoltaicas

cepa
INSTALACIONES

• Electricidad • Fontanería • Calefacción • Energías Renovables

Calle López Ardeiro, 1
Negreira (A Coruña)
T. 981 88 17 97
M. 606 349 346 • 606 349 347
www.instalacionescepa.es

maderaspereiroytinelli@gmail.com

Maderas Pereiro y Tinelli S.L.
Aserradero y Compra-Venta de Madera

Couto - Carballo, Nº 14 - Ordoeste - A BAÑA (A Coruña)
Teléf.: 981 894 178 • Fax: 881 168 648
Móviles: 636 495 408 - 650 956 430

17 de marzo
Pavillón de San Vincenzo

Pregón a cargo de: ELENA FERRO

XX FESTA DA FILLOA DA PEDRA DA BAÑA

Concello da Baña

ITINERARIO. 9:30 h. Apertura de portas

Dende as 11:30 h.:

- Gaiteiros e Pandereteiras da Baña.
- Charanga Os Celtas.
- 12:00 h. Actuación en San Vincenzo do grupo Río de Anxo.
- 13:30 h. Pregón.

Dende as 16:00 h.:

- CantoenCanto e Gaiteiros da Baña.
- Cé Orquestra Pantasma.
- Os Tabernícolas do Leiradal.
- Mekánica Rolling Band.

Ao longo do día:

- Mostra de artesanía en vivo.
- Espazo infantil.
- Mercadiño de artesanía e postos de venda.
- Exhibición do Club Petanca Negreira.
- Degustación de filloas, orellas, chourizos.
- Haberá polbeiro.

Esperámoste na foliada!